

- [IV. Administración local](#)
- [IV.2 Municipal](#)
- [Porto do Son](#)

Edicto Pág. 8265 Reg. 08/7916-x.

- [Anterior](#)
- [Siguiente](#)

Publicación do texto íntegro da Ordenanza reguladora da concesión de subvencións a asociacións e entidades sen fin de lucro existentes no concello e ás comisións de festas das distintas parroquias

O Pleno do Concello de Porto do Son en sesión celebrada o día 25 de abril de 2008, aprobou inicialmente a Ordenanza reguladora da concesión de subvencións a asociacións e entidades sen fin de lucro existentes no concello e ás comisións de festas das distintas parroquias.

O expediente estivo exposto ao público mediante anuncio publicado no B.O.P nº 108, do 12.05.2008 polo prazo de 30 días, desde o 13.05.2008 ata o 17.06.2008 ambos inclusive, sen que durante o devandito prazo se presentara ningunha reclamación nin suxerencia, entendéndose definitivamente adoptado o acordo, polo que en cumprimento do preceptuado nos artigos 49.c) e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, públicase integralmente o texto definitivamente aprobado para a súa entrada en vigor.

## ORDENANZA REGULADORA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNNS POR PARTE DO CONCELLO A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO EXISTENTES NO CONCELLO E ÁS COMISIÓNNS DE FESTAS DAS DISTINTAS PARROQUIAS

Artigo 1.-Obxecto das subvencións.

De acordo co artigo 17 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, é obxecto desta ordenanza establecer as bases reguladoras das subvencións que se concedan para a adquisición de equipamentos e a realización de actividades con finalidades culturais, educativas, sociais, deportivas, turísticas, de carácter humanitario, de lecer e de defensa de dereitos e intereses dos veciños do Concello de Porto do Son, así como a celebración de festas patronais que se realicen no concello.

Artigo 2.- Réxime xurídico.

As subvencións reguladas nesta ordenanza rexeranse, ademais, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e demais normativa de carácter administrativa, así como polas Bases de execución do concello.

Artigo 3.-Beneficiarios.

3.1. Concepto e definición de beneficiario da subvención.

Entenderase como beneficiarios da subvención as persoas físicas ou xurídicas que realicen a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atopen na condición lexítima da súa concesión.

3.2. Tipos de beneficiario

Os beneficiarios das subvencións poderán ser:

- Entidades con personalidade xurídica

• Agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, comunidades de bens ou de calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, áinda que carezan de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos ou actividades ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención. Neste caso deberanse cumplir os seguintes requisitos:

o Deberán nomear un representante ou apoderado único, con poderes bastantes para cumplir as obrigas que, como beneficiaria, lle corresponde á agrupación.

o Deberán facer constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención a aplicar por cada un deles, que terán a condición de beneficiarios. No seu defecto, entenderase que a imputación se realiza a partes iguais.

o Non poderán resolverse ata que transcorra o prazo de prescripción de catro anos das accións de que dispón o concello para recoñecer ou liquidar o reintegro da subvención ou esixir a responsabilidade polas infraccións que puideran terse cometido, computado da forma establecida nos artigos 39 e 65 da lei 38/2003, de 17 de setembro.

### 3.3. Requisitos que deberán reunir os beneficiarios para a obtención da subvención.

Os beneficiarios das subvencións deberán cumplir os seguintes requisitos:

- En todo caso deberán carecer de ánimo de lucro e realizar as actividades subvencionadas no ámbito territorial do Concello de Porto do Son, acreditándose nas mesmas a existencia dun interese público municipal.

- A actividade subvencionada deberá formar parte dos fins da entidade e deberá realizarse no período temporal que se indique na convocatoria.

- En calquera caso, as asociacións solicitantes co seu domicilio no Concello de Porto do Son deberán estar inscritas no Rexistru Municipal de Asociacións.

- Non poderán ter a condición de beneficiarios as persoas ou entidades nas que concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13, números 2 e 3 da lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, entendendo que non concorre incompatibilidade cando o representante da entidade beneficiaria é cargo electo do concello de Porto do Son.

- Non poderán ser beneficiarios de subvencións pendentes de xustificar co concello, sempre que o prazo para presentar a conta xustificativa estivese rematado.

### 3.4. Son obrigas dos beneficiarios:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto ou realizar a actividades que fundamenta a concesión da subvención

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano concedente, no seu caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicar ao órgano concedente ou a entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberase efectuar atan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos, sempre que sexa posible.

e) Acreditar de acordo coa presente ordenanza que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

f) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos temos esixidos pola normativa mercantil e sectorial

aplicable ao beneficiario. En todo caso, deberá dispor dunha contabilidade separada da actividade subvencionada, aprobada polo órgano competente da entidade e coa dilixencia acreditativa da devandita aprobación.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Adoptar as medidas de difusión previstas no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro e a presente ordenanza reguladora:

A persoa, entidade ou agrupación beneficiaria está obrigada, a risco de anulación da subvención concedida e reintegro da mesma, a facer mención explícita en toda a publicidade referida ás actividades e investimentos obxecto da subvención de que estas contan con subvención do Concello de Porto do Son.

No ámbito concreto da reproducción gráfica (cartelería, díptico, programas...), de xeito perfectamente visible e gardando o decoro e respecto pertinente, fará consta-lo lema: "Subvencionado pola Concellería de Cultura, (ou Servizos Sociais ou Ensino, segundo corresponda)" enriba do que se disporá o escudo oficial do Ilmo. Concello de Porto do Son (o que, aos efectos de reproducción gráfica será facilitado polo Concello).

En emisións radiofónicas, comunicados de prensa, comunicacións a socios, etc., tamén se fará constar explicitamente que a actividade ou programa esta subvencionado pola Concellería correspondente.

Rematada a actividade obxecto da subvención deberá presentarse exemplares de canta publicidade escrita, gráfica ou audiovisual ou sonora, onde conste o patrocinio do Concello.

#### **Artigo 4.-Procedemento de concesión da subvención.**

Os procedementos de concesión de subvencións serán o procedemento ordinario –de concorrencia competitiva- e o procedemento excepcional –de concesión directa-.

Para o outorgamento dunha subvención, independentemente, do procedemento de concesión, deberán cumplirse os seguintes requisitos:

- a) Competencia do órgano administrativo concedente
- b) A existencia de crédito adecuado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico que se deriva da concesión da subvención
- c) A tramitación do procedemento de concesión, de acordo coas normas que resulten de aplicación
- d) A fiscalización previa dos actos administrativos de contido económico nos temos previstos na normativa de aplicación
- e) A aprobación do gasto polo órgano competente

#### **Artigo 5. Procedemento de concorrencia competitiva: Convocatoria**

O inicio do procedemento de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva terá lugar de oficio a través da aprobación da súa convocatoria.

O órgano competente para a aprobación da convocatoria determinarase en función do importe total das subvencións incluídas na convocatoria, de acordo co réxime de competencias establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril e na normativa da xestión orzamentaria. Este órgano concedente o será tamén para tomar os acordos relativos ás distintas fases na tramitación das subvencións, salvo delegación de competencias.

A convocatoria deberá publicarse como mínimo no taboleiro de anuncios do concello e no BOP.

#### **Artigo 6.- Solicitudes**

6.1. As solicitudes de subvención deberán presentarse no prazo que se determine na convocatoria e deberán formularse nos modelos normalizados que se facilitarán no

Rexistro Xeral ou, no seu caso, na páxina web do Concello. Achegarase coa solicitude a seguinte documentación, salvo que, pola natureza da entidade, non sexa posible:

- a) Fotocopia compulsada da tarxeta do C.I.F. da persoa xurídica, agrupación ou entidade, agás que polas súas características non dispóna do mesmo.
- b) Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade, coa dilixencia de inscrición na Xunta de Galicia.
- c) Certificación de datos bancarios da entidade.
- d) Fotocopia compulsada da tarxeta do N.I.F. do representante legal.
- e) Certificación acreditativa do acordo de solicitude e do nomeamento do representante, no caso de persoas xurídicas, agrupacións e entidades para as súas relacións co Concello no tocante á subvención solicitada.
- f) Declaración do representante legal de non estar incurso en ningunha das circunstancias nin afectado por ningunha das prohibicións establecidas nos artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- g) Memoria explicativa da actividade ou investimento que se vai realizar, co calendario fixado, e que fará mención ás persoas beneficiadas directamente ou indirectamente pola axuda e o grao de cumprimento dos demais criterios de valoración reflectidos nesta Ordenanza.
- h) Certificación do secretario da entidade do seu número socios total e o número de socios empadroados no concello e que participan das actividades.
- i) Presuposto detallado da actividade ou investimento, con expresión dos gastos e ingresos previstos. Deberá indicarse necesariamente o importe da subvención solicitada, así como o coeficiente de financiamento, isto é, o cociente entre a subvención solicitada e o total dos gastos previstos da actividade. O coeficiente de financiamento previsto na solicitude será o que se aprobará na resolución de concesión da subvención, no caso de que se lle conceda, e terá un máximo de 80 por cento para as actividades correntes.
- j) No caso de comisións de festas, comités organizadores, agrupacións de persoas físicas sen personalidade xurídica esixirse, ademais, a presentación dun prego de sinaturas dos integrantes nos que se poña de manifesto o importe da subvención a imputar a cada un deles, así como que cada un deles atópase ao corrente nas súas obrigas tributarias e ca Seguridade Social. Así mesmo, deberase nomear a un dos membros como representante da agrupación, que será a persoa á que se lle aboará o importe da subvención, sen prexuízo da posterior distribución dos membros, que será responsabilidade da propia agrupación.
- k) No caso de entidades prestadoras de servizos sociais, farán indicación do seu número de inscrición no rexistro da Xunta de Galicia.
- l) Para os clubs deportivos, relación de número de fichas e categorías que abarca o mesmo, con indicación dos datos dos deportistas, xunto con fotocopia compulsada do seu DNI.
- m) Memoria de actividades do ano anterior, na que deberase especificar clasificacións, resultados, actividades desenvoltas ao longo do último ano, outras subvencións recibidas para desenvolver as mesmas ademais das do Concello e previsións de actividades para o vindeiro ano.
- n) Opcionalmente, o compromiso do representante da entidade ao uso da lingua galega a que fai referencia o artigo 8 desta ordenanza.

A documentación sinalada nos apartados a), b), c), e d), non terá que ser presentada se xa se presentou en anos anteriores e non houbo variación nela, sempre que se faga constar a data e o expediente que motivaron a súa presentación ou emisión, ou si se trata de asociacións inscritas no rexistro municipal, cos datos actualizados.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta apartado deberá ser subsanado no prazo de dez días soltos dende a recepción do requerimento.

6.2. No suposto de que así sen considere conveniente, de acordo coa natureza da subvención, a convocatoria poderá establecer documentación adicional a presentar coa solicitude.

#### Artigo 7.- Instrucción

7.1. O instrutor do procedemento de concesión será un traballador da área correspondente ou, en suposto de carencia de medios humanos na mesma, un traballador doutra área relacionada.

7.2 Será labor do instrutor recabar toda a información precisa para que sexa posible emitir a proposta de valoración pola comisión avaliadora, incluída a fase de subsanación. Así, deberá emitir un informe sobre cales son as solicitudes que cumpren os requisitos para a obtención de subvención e cales no, xunto coa debida motivación.

7.3. A comisión avaliadora será o órgano que formule a proposta de concesión de subvención, de acordo cos criterios de concesión. Tratarase dun órgano colexiado eminentemente técnico, ao que pertencerá, en todo caso, o instrutor. A determinación concreta dos membros aprobarase nas bases da convocatoria.

#### Artigo 8.- Criterios de valoración

8.1. Con carácter xeral e con independencia de que se establezan outros criterios na convocatoria de subvencións, serán criterios de valoración na concesión e na contía destas subvencións as seguintes, salvo que, pola natureza da entidade, non poidan ser de aplicación:

Con carácter xeral:

- Repercusión, interese e participación dos veciños nas actividades subvencionadas.
  - Carácter permanente ou simplemente ocasional da actividade.
  - Compromiso de realizar actividades conxuntas co Concello ou complementariedade co mesmo nas actividades programadas.
  - Número de socios, dando preferencia aos solicitantes que teñan maior número de socios empadroados no Concello e que participen das actividades.
  - Número de actividades organizadas pola entidade e número de beneficiados directa ou indirectamente polas actividades e/ou investimentos.
  - Actividades realizadas no exercicio anterior.
  - Proxección das actividades cara o exterior.
  - O coeficiente de financiamento das actividades e/ou investimentos que se van a realizar.
  - Compromiso do uso da lingua galega no desenvolvemento das actividades
- \* Nas subvencións para a realización de actividades culturais, turísticas, educativas, sociais, humanitarias, de lecer e festexos tamén se terá en conta:
- Relación das actividades co mantemento das tradicións e manifestacións culturais e artísticas locais.
- \* Nas subvencións para a realización de actividades deportivas tamén se terá en conta:
- A contribución á vertebración da estrutura deportiva e lúdico-recreativa do Concello.
- 8.2. Se na solicitude non houbera elementos para valorar algún dos criterios de valoración, non se puntuarán.

#### Artigo 9.- Resolución

9.1. A resolución de concesión adoptarase polo órgano competente, de acordo co artigo 5 da presente ordenanza.

9.2. A resolución deberá ser motivada e conter a relación de solicitantes beneficiarios de subvencións, así como as solicitudes desestimadas, indicando a causa da denegación. Para cada un dos beneficiarios, a resolución deberá expresar os seguintes extremos:

- Obxecto detallado da subvención, facendo referencia aos conceptos subvencionables.
- Gasto mínimo que se deberá xustificar.
- Importe da subvención concedida
- Coeficiente de financiamento. O coeficiente de financiamento será o que se determine na solicitude e, en todo caso, para as actividades correntes, non poderá superar o 80 por cento.

9.3. A resolución de concesión será notificada aos interesados nun prazo máximo de tres meses desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. A falta de resolución dará lugar a un silencio estimativo negativo. A resolución de concesión porá fin á via administrativa, pudendo interpor ante o órgano competente, recurso potestativo de reposición, ou recurso contencioso-administrativo. A relación de beneficiarios será publicada no taboleiro de anuncios, previo anuncio de dita exposición no BOP, nos termos do artigo 11 da presente ordenanza.

9.4 Con carácter excepcional e antes de ter aprobada a conta xustificativa, poderase autorizar pola Alcaldía o cambio dos conceptos ou obxectivos concretos que se detallan na memoria ou orzamento da solicitude.

#### Artigo 10.- Procedemento de concesión directa

10.1. Tramítanse con este procedemento as seguintes subvencións:

1.-As que aparezan con carácter nominativo nas bases de execución dos presupostos municipais.

2.-Aquelas, das que a súa contía ou outorgamento veña imposta por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento que dispóna a súa propia norma reguladora.

3.-Con carácter excepcional, aquelas outras nas que se acrediten razóns de interese público, social económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

10.2. Sen prexuízo da normativa estatal e autonómica de aplicación, o expediente de concesión directa de subvencións deberá conter nas súas actuacións preparatorias:

- Memoria explicativa da actividade e xustificación da necesidade da súa realización, xunto con intereses perseguidos.
- Documentación orixinal ou copia compulsada que acredite a personalidade xurídica da entidade, no seu caso, e que a actividade subvencionada forma parte do obxecto da entidade
- Fotocopia do DNI da persoa que actúa en representación da entidade e documentación (orixinal ou copia compulsada) que acredite o poder bastante da súa representación
- Declaración responsable de non atoparse baixo ningunha causa de prohibición ou incompatibilidade para ser beneficiario de subvencións, de acordo co artigo 13 da Lei xeral de subvencións
- Declaración responsable de atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. No suposto de que a subvención a conceder teña un importe superior a 3.000,00 euros, deberase achegar certificados expedidos pola AEAT e pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Orzamento da actividade subvencionada que indique o detalle dos ingresos e gastos

10.3. O instrumento habitual polo que se regulan estas subvencións son os convenios, áinda que o réxime xurídico das mesmas poden establecerse nos acordos de concesión. O convenio ou o acordo de concesión deberán conter os seguintes extremos e estarán suxeitos, en todo caso, á normativa expresada no artigo 2 e a presente ordenanza:

- Determinación do obxecto da subvención e dos seus beneficiarios, con indicación do carácter singular das mesmas e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública
- Réxime xurídico aplicable.
- Crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e contía da subvención, individualizada, no seu caso, para cada beneficiario se fosen varios
- Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera entidade, pública ou privada
- Réxime de xustificación e pagamento da subvención. Estes extremos deberán respectar as previsións contidas na normativa aplicable e na presente ordenanza.

#### Artigo 11. Publicidade das subvencións concedidas

Unha vez adoptado o acordo de concesión, darase publicidade ás subvencións concedidas por anuncio no BOP, que indicará que durante un prazo de 15 días hábiles, a resolución de concesión da subvención estará exposta no taboleiro de anuncios do concello.

Esta publicidade non será precisa nos seguintes supostos:

- a) Cando as subvencións públicas teñan asignación nominativa no orzamento municipal
- b) Cando o seu outorgamento e contía, a favor de cada beneficiario concreto, resulten impostos en virtude de norma de rango legal
- c) Cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros. Neste caso, bastará coa publicación da resolución de concesión no taboleiro de anuncios do concello.
- d) Cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor, a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

#### Artigo 12. Tramitacións especiais

##### 12.1 Tramitación anticipada

A convocatoria poderá aprobase nun exercicio orzamentario anterior a aquel no que vaia ter lugar a resolución da mesma, sempre que a execución do gasto se realice na mesma anualidade na que se produce a concesión e se cumpra algunha das seguintes circunstancias:

- Exista normalmente crédito adecuado e suficiente para a cobertura orzamentaria do gasto no orzamento municipal. Considérase que existe normalmente crédito adecuado e suficiente cando nos últimos dous anos existía consignación suficiente nos créditos iniciais da partida correspondente.
- Exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de orzamento aprobado definitivamente para o exercicio seguinte.

En todo caso, a convocatoria deberá conter a cláusula suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente en relación á execución do gasto.

##### 12.2. Importe adicional da subvención

Excepcionalmente, a convocatoria poderá fixar, ademais da contía total máxima de gasto, unha contía adicional da que a aplicación á concesión da subvención non requirirá dunha nova convocatoria.

A fixación e utilización desta contía adicional estará suxeita ás seguintes regras:

- Resultará admisible a fixación da contía adicional cando os créditos aos que resulte imputable non estean dispoñibles no momento da convocatoria pero cuxa dispoñibilidade se prevea obter en calquera momento anterior á resolución de concesión por depender dun aumento nos créditos derivados de:

a) Terse presentado en convocatorias anteriores solicitudes de axudas por importe inferior ao gasto inicialmente previsto para as mesmas, segundo informe do órgano instrutor.

b) Terse resolto convocatorias anteriores por contía inferior ao gasto inicialmente previsto para as mesmas.

c) Terse recoñecido ou liquidado obrigas derivadas de convocatorias anteriores por contías inferiores ás subvencións concedida.

Nos casos anteriores, os créditos orzamentarios deben pertencer ás mesmas partidas do mesmo nivel de vinculación xurídica ou a partidas que poidan transferir os seus créditos orzamentarios por transferencias de crédito de competencia da Alcaldía, sen prexuízo dos límites previstos na normativa reguladora das facendas locais.

d) Terse incrementado o importe do crédito orzamentario dispoñible como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

- A convocatoria deberá facer constar expresamente que a efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, no seu caso, previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda, nun momento anterior á resolución da concesión da subvención.

- Cando a contía máxima das subvencións convocadas se distribúa entre distintos créditos orzamentarios e se outorgue expresamente á dita distribución carácter estimativo, a alteración da devandita distribución non precisará de nova convocatoria pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto antes da resolución da concesión.

- Nas convocatorias nas que, dentro dos límites sinalados nos apartados anteriores se teña fixado na convocatoria unha contía adicional ou se tivese atribuído carácter estimativo á distribución da contía máxima entre distintos créditos orzamentarios, o órgano concedente deberá publicar a declaración de créditos dispoñibles e a distribución definitiva, respectivamente, con carácter previo á resolución de concesión nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura do prazo para presentar solicitudes nin o inicio dun novo cómputo do prazo para resolver.

### 12.3. Convocatoria aberta

Denomínase convocatoria aberta o acto administrativo polo que se acorda de forma simultánea a realización de varios procedimentos de selección sucesivos ao longo dun exercicio orzamentario, para unha mesma liña de subvención.

Na convocatoria deberá detallarse o número de resolucións sucesivas que deberán recaer e para cada unha delas:

a) O importe máximo a outorgar

b) O prazo máximo de resolución en cada procedemento

c) O prazo que, para cada unha delas, poderán presentarse as solicitude

O importe máximo a outorgar en cada período fixarase atendendo á súa duración e ao volume de solicitude previstas

Cada resolución deberá comparar as solicitude presentadas no correspondente período de tempo e acordar o outorgamento sen superar a contía que para cada resolución se establece na convocatoria aberta.

Cando á finalización dun período, tras a correspondente resolución de concesión, non se tivese esgotado o importe máximo a outorgar, poderase trasladar a contía non aplicada a posteriores resolucións que recaian, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Deberá estar expresamente previsto nas bases reguladoras, nas que se recollerán os criterios para a asignación dos fondos non empregados entre os períodos restantes

- b) Unha vez recaída a resolución, o órgano concedente deberá acordar expresamente as contías a trasladar e o período no que se aplicarán
- c) O emprego desta posibilidade non poderá supoñer en ningún caso, menoscabo dos dereitos dos solicitantes do período de orixe.

#### Artigo 13.-Xustificación da subvención.

13.1. O beneficiario deberá presentar a conta xustificativa da subvención concedida antes do 15 de novembro do exercicio no que foi concedida, salvo que se fixe outro distinto na convocatoria.

13.2. O contido da conta xustificativa será o que segue:

1. Declaración do representante ou certificación do secretario da entidade de ter cumplida a finalidade da subvención mediante a realización da actividade ou investimentos para os que foi concedida, xunto coa declaración das actividades realizadas e financiadas coa subvención.

2. Memoria xustificativa do custe e financiamento da actividade realizada que conterá a documentación que se detalla. Entenderase como gasto realizado da actividade aquel que se acredeite cos documentos xustificativos a que fai referencia a letra a do presente parágrafo, sen prexuízo da obriga do beneficiario a materializar o seu pagamento aos seus provedores. En todo caso, a data dos documentos xustificativos deberá estar comprendida no período no que se debe desenvolver a actividade.

a) Documentos xustificativos do gasto realizado por importe mínimo igual ao importe do presupuesto subvencionado, de acordo co artigo 13.3 desta ordenanza. Os documentos xustificativos consistirán nos que seguen, sen prexuízo dos demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos detallados na resolución de concesión da subvención.

- Facturas, orixinais e compulsadas, que cumpran os requisitos esixidos pola normativa de facturación.

- Adquisición de bens de equipo: factura orixinal ou copia compulsada

- Adquisición de bens inmobilés: copia compulsada da escritura pública e xustificantes de pago dos impostos correspondentes

- Execución de obras: certificacións de obra subscritas polo técnico colexiado competente e relación valorada. Non obstante, estas poderán ser substituídas polas facturas expedidas polos distintos provedores, con detalle de unidades de obra, prezos unitarios e totais.

- Para gastos de persoal: orixinais ou copias compulsadas de nóminas e/ou Tc's relativos aos gastos da Seguridade Social.

b) Certificación do secretario da entidade do detalle de ingresos e gastos da actividade. Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos detallados na resolución de concesión da subvención.

c) Cando as actividades sexan financiadas ademais con outras subvencións ou outros ingresos, deberá acreditarse a procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, acompañando unha relación detallada das axudas ou subvencións obtidas doutros axentes para idéntica finalidade. Noutro caso, deberá achegarse declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a mesma finalidade.

d) Cando o custe de execución da obra supere os 30.000 euros ou, sendo un subministro ou servizo, os 12.000 euros, deberán presentarse tres presupostos de empresas diferentes, nos termos do artigo 31 da Lei xeral de subvencións.

3. Acreditación de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. No suposto de que o importe da subvención non supere os 3.000,00 euros, bastará cunha

declaración responsable do representante da entidade de que esta atópase ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. En caso contrario, deberán presentarse certificacións en vigor expedidas pola AEAT e a Seguridade Social.

No caso de entidades sen personalidade xurídica, cando o importe da subvención imputable a cada un dos beneficiarios sexa inferior a 3.000,00 euros, bastará unha declaración responsable de cada un deles de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. En caso contrario, os beneficiarios aos que lles sexa imputable a subvención por importe superior a 3.000,00 euros, deberán presentar certificados en vigor expedidos pola AEAT e a Seguridade Social.

4. Se pola natureza da actividade subvencionada, considérase procedente que a conta xustificativa conteña outra documentación de interese relativa á actividade, deberá preverse nas bases da convocatoria.

13.3. Para os efectos de xustificación das subvencións, terase en conta o coeficiente de financiamento notificado na resolución de concesión da subvención.

A aplicación deste coeficiente ao importe da subvención concedida dará lugar ao presupuesto subvencionado que será o que, como mínimo, se terá que xustificar para poder cobrar a subvención.

No caso de ter outros ingresos para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención do Concello, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o presupuesto subvencionado será a suma do total de ingresos.

Á vista da documentación xustificativa presentada e logo do informe previos da Intervención Municipal, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e pago dela, terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique gasto polo 100% do presupuesto subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e, polo menos do 50% do presupuesto subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do presupuesto subvencionado a xustificar, non se considerará cumplida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

Os acordos de redución da subvención derivadas dos supostos anteriores, realizarase polo órgano competente, sen máis trámite.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. Pasado dito prazo arquivarase a solicitude sen máis trámite.

En ningún caso, o importe dos ingresos obtidos para a realización da actividade subvencionada poden superar o seu custe, á vista do orzamento presentado.

#### Artigo 14.- Pagamento da subvención

14.1. O réxime xeral de pagamento das subvencións será o pagamento posterior á aprobación da conta xustificativa correspondente na conta bancaria que se presente coa solicitude.

En calquera caso, antes do pagamento da subvención, deberá acreditarse pola Tesourería Municipal que o beneficiario está ao corrente nas súas obrigas co concello, isto é que non ten débedas en período executivo, salvo que estean aprazadas ou cuxa execución estivese suspendida, e que ten presentadas as autoliquidacións e documentos equivalentes que procedan nos diferentes ingresos municipais. En tanto a entidade beneficiaria non se atope ao corrente co concello, non se poderá materializar o pagamento, áinda que se teña aprobada a conta xustificativa correspondente.

#### **14.2. Pagamento anticipado**

Excepcionalmente e, sempre que así se prevea nas bases da convocatoria, poderán efectuarse pagos anticipados previa presentación de garantía que responderá das contías anticipadas e dos xuros de demora, cos seguintes requisitos:

- O importe da garantía será igual á contía anticipada incrementada nunha porcentaxe do 20 por cento.
- A garantía poderá constituírse nas formas previstas na normativa reguladora de subvencións.

A garantía se cancelará por acordo do órgano concedente nos termos do artigo 52 Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, nos seguintes casos:

- Unha vez comprobada de conformidade a adecuada xustificación do anticipo, tendo en conta as regras de xustificación desta ordenanza.
- Cando se tivesen reintegrado as contías anticipadas, de acordo coa Lei xeral de subvencións.

#### **14.3. Pagamentos a conta**

Excepcionalmente e, sempre que así se prevea nas bases da convocatoria, poderán efectuarse pagos a conta por un máximo dun 60 por cento da subvención concedida, que responderán ao ritmo de execución da actividade, previa presentación da conta xustificativa relativa ao período correspondente. Así, sen prexuízo de que deba cumplirse a obriga de render a conta xustificativa tras a finalización da actividade, de acordo co artigo anterior, a conta xustificativa relativa ao pago a conta deberá presentar o seguinte contido, sen prexuízo do que poidan establecer as bases reguladoras:

- Memoria das actividades realizadas no período ao que se refire a conta xustificativa parcial
- Certificación dos ingresos e gastos realizados desde o inicio da actividade, indicando, así mesmo, os ingresos e gastos totais certificados en contas xustificativas parciais anteriores, así como os pagos anticipados que foran aprobados en virtude das mesmas
- Documentos xustificativos relativos ao período ao que se refire a conta xustificativa parcial

O importe dos pagos a conta será o resultado de aplicar o coeficiente de financiamento ao balance, sendo o balance:

$$\text{Balance} = (\text{Gasto total}) - (\text{Ingreso total}) - ((\text{Gastos certificados anteriormente}) - (\text{Ingresos certificados anteriormente})) - (\text{Pagos a conta aprobados})$$

Coa conta xustificativa final efectuarase a liquidación do pagamento final da subvención, rexendo as regras do artigo 13 desta ordenanza.

#### **Artigo 15.- Reintegro e anulación das subvencións concedidas**

##### **15.1. Son supostos de reintegro ou anulación das subvencións concedidas:**

- O incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente, de acordo coa normativa reguladora das subvencións
- A non realización da actividade subvencionada no prazo establecido para elo nas bases da convocatoria
- Os supostos previstos na presente ordenanza
- Os supostos do artigo 37 da Lei xeral de subvencións e artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

15.2. O procedemento de reintegro e da perda do dereito ao cobro de subvencións rexerase polo establecido nos artigos 91 e seguintes da Lei xeral de subvencións. Cando o procedemento de reintegro ou de perda do dereito á subvención ven motivado polo incumprimento da obriga de xustificación, concederase un prazo excepcional improrrogable de 15 días para a súa presentación. Incumprido este trámite o órgano concedente iniciará o procedemento de reintegro ou de perda do dereito á subvención.

#### **Artigo 16.-Incumprimentos e sancións.**

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ao establecido no Código penal (Lei orgánica 10/95), e as responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei 38/2003, xeral de subvencións, coas especificacións indicadas na súa disposición adicional décimo cuarta.

A presentación da documentación xustificativa no prazo excepcional regulado no artigo 14.2 desta ordenanza, non eximirá ó beneficiario da sanción que lle corresponda segundo a seguinte gradación:

- Retraso na presentación da xustificación ata un mes: sanción do 10% do importe da subvención, co límite de 75 €.
- Retraso na presentación da xustificación de un mes ata tres: sanción do 20% do importe da subvención, co límite de 400 €.
- Retraso na presentación da xustificación de máis de tres meses: sanción do 30% do importe da subvención, co límite de 900 €.

O incumprimento reiterado polo mesmo beneficiario en distintas convocatorias dos prazos de xustificación, implicará que se apliquen as sancións antes expostas, elevando nun grao a que procedese.

Poderá ser aplicada a compensación para o cobro da sanción, salvo que se opoña a isto a entidade sancionada.

#### **Artigo 17.- Premios**

17.1. Rexeranse pola presente ordenanza, sen prexuízo da normativa reguladora de aplicación os premios de calquera clase organizados polo concello, sempre que non se trate de premios outorgados sen previa solicitude do beneficiario, de acordo co artigo 4 da Lei xeral de subvencións.

17.2. O contido mínimo das bases da convocatoria será:

- Obxecto dos premios
- Características da celebración do concurso
- Requisitos de inscrición
- Definición do órgano avaliador (xurado, xuíz ou equivalente)
- Premios a outorgar
- Criterios a ter en conta para a concesión do premio

17.3. A publicidade da convocatoria consistirá en:

- No caso de que o ámbito de difusión sexa o municipio, dadas as características do concurso, non será precisa a súa publicación no BOP, senón que serán suficientes outros medios que acorde o órgano concedente e que garantan a publicidade (anuncio nun diario de maior difusión, bandos, carteis informativos) e, en todo caso, no taboleiro de anuncios do concello. En calquera caso, deberá xustificarse tal circunstancia no expediente.
- Nos restantes casos, a convocatoria deberá publicarse no BOP.

17.4. Excepcionalmente, poderase facer entrega do premio ao premiado con carácter previo á elevación da acta do órgano avaliador ao órgano concedente. Neste suposto, tramitarase un pagamento a xustificar. A conta xustificativa do habilitado será rendida ante o órgano concedente da subvención, sen prexuízo de que o libramento dos fondos fose acordado por órgano distinto se, polo importe do pago resultase competente, de acordo coas normas de aplicación sobre facendas locais.

#### **Artigo 18.- Axudas en especie**

As axudas en especie están suxeitas á normativa reguladora de subvencións e á presente ordenanza.

O traspaso do obxecto da subvención ao premiado deberá formalizarse mediante documento asinado polas dúas partes que acredite a efectividade da súa entrega e recepción.

**Disposición derogatoria**

A presente ordenanza derogará as ordenanzas municipais anteriores que tivesen o mesmo obxecto.

**Disposición transitoria**

A presente ordenanza será de aplicación á tramitación daqueles procedementos dos que a aprobación da convocatoria teña lugar a partir da súa entrada en vigor.

**Disposición final.**

Esta ordenanza entrará en vigor transcorridos 15 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Porto do Son, 23 de xuño de 2008.

O Alcalde.

Asd. Manuel Tomé Piñeiro.